


Documento distribuído por
 culturagalega.org

O rei galego de África

Dossier sobre este documental biográfico



Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / redaccion@culturagalega.org

José Luís Bastos tivo que facerse cargo dos negocios do seu irmán cando este morreu en accidente de aviación en Angola. Sen coñecemento do negocio da pesca, Bastos traballou arreo e non tardou nadiña en namorar de África. A súa vida deu un xiro tan grande que xa deixou escrito na derradeira vontade que cando morra o enterren segundo a tradición dos reis Namas, baixo pedras negras e brancas. Tamén elixiu o seu epitafio: “Aquí xace un galego que amou esta terra tanto como a súa”.

Descrición do documental

Bastos, que na actualidade vive coa súa muller Kuki en Walbis Bay, dirixe empresas de peixe e posúe unha gran finca de caza que noutros tempos eran as terras da tribu Noma. A súa vida transcorre entre os negocios e a ansiada finca, ademais doutros proxectos que fan del un home sempre moi atarefado.

Cando o irmán de José Luís falece nun accidente ten que facerse cargo dos seus negocios e comezar unha nova vida nun país que descoñece. Co tempo chegou a crear con moito esforzo empresas de peixe e outros negocios ademais de gañar a amizade do presidente de Namibia co que construiu unha entrañable e fermosa relación.

Para Bastos, ademais da súa muller Kuki, a finca Khomas é o que máis ama na vida. Un lugar donde os animais salvaxes medran no seu habitat co control preciso para a súa supervivencia e reprodución. Ademais aporta unha grande axuda aos coidadores e as súas familias.

A vida diaria de José Luís transcorre entre a oficina da súa empresa, a casa a beira do lago e a finca Khomas a onde escapan cada fin de semana e nas vacacións. En Khomas o día a día sempre é diferente, cheo de anécdotas, con moita caza, e os seus moradores, orix, springbooks, facocheros, avestruces, cebras, hienas...

José Luís e os seus axudantes de campo percorren as miles de hectareas en vellos Toyotas. Machoke, o xefe deles é dunha tribu moi patriarcal dos Owango, ao norte do país. É a sombra inseparable de Bastos cando o amo chega á finca.

Non todo é caza para este oriundo de Bouzas, pola súa cabeza rondánlle outras ideas e proxectos que iremos descubriendo, porque ao noso protagonista gústalle protexer a natureza e a cultura do entorno. Creou a Fundación Bastos cun proxecto denominado EcoTopnaar para a protección do medio ambiente e recuperación da cultura dunha das tribus ou etnia das máis antigas de Namibia.

Avisárono ben avisado cando lle venderon as terras: "Con elas vanlle centos de anos de cultura dos Noma que vostede debe protexer até que morra", dixéronlle. Tumbas dos reis e princesas que noutros tempos viviron e morreron naquel lugar. Cando ten visitas de amigos ou cazadores lévaos ás tumbas destes nobles cuxa ubicación non gusta de confiar, sobre todo polo medo a que os ladróns e asaltantes de tumbas as destrúan no afán de atopar o ouro ou as pedras preciosas que dormen con eles na eternidade.

José Luís Bastos ten como desexo final na súa vida ser enterrado xunto cos nobles. Ten escollido o lugar e as pedras brancas que son o símbolo de que alí hai un Noma máis que loitou polas terras e a súa cultura.

Ficha técnica

<i>Realización e guión</i>	<i>Delmi Álvarez</i>
<i>Edición</i>	<i>Raimonds Spakovskis (VFS-Riga)</i>
<i>Música autores</i>	<i>varios locais non profesionais</i>
<i>Segunda cámara</i>	<i>Arturo Lezcano</i>
<i>Foto fixa</i>	<i>Signe Raikstina</i>
<i>Lingua</i>	<i>Galego</i>
<i>Formato</i>	<i>Dixital mini DV</i>
<i>Imaxe Aérea</i>	<i>TOY</i>

Localizacións

"O Rei galego de África" gravouse en Namibia entre decembro de 2007 e xaneiro 2008 en diferentes localizacións. Walbis Bay, Owambo region, Sossusvlei dunes, Etosha Park e aldea Himbas do norte do país.

Agradecementos

Familia e amigos de José Luis Bastos, Ricardo e Mayka da Fundación Bastos, Familia do antigo Presidente de Namibia San Nujoma.

Galegos na Diáspora

O documental forma parte do proxecto fotodocumentalista Galegos na Diáspora (www.delmi Alvarez.com/diaspora) comenzado no ano 1989. Deste proxecto naceron unha exposición que percorreu Galiza, Arxentina e Uruguay e un libro con textos e imaxes que está a procura de editor. Ademais déronse obradoiros e seminarios en diferentes facultades de Comunicación explicando o fenómeno da diáspora-éxodo galego que motivou a saída do país de miles de galegos e galegas arredor do planeta. O Rei Galego de África é o primeiro dunha serie que o autor ten previsto realizar no futuro.